



Federación Galega de Automobilismo



Lei 9/2013, de transparencia



Nota introdutoria


A Federación preparou a información de acordo ó establecido na Lei 19/ 2013, de transparencia, acceso á información pública e de bo goberno.

Os datos refírense exclusivamente ós asuntos especificados na citada normativa, publicada no BOE número 295 de 10 de decembro de 2013, establecendo o seu artigo 1 que ten por obxecto ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigas de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos así como as consecuencias do seu incumprimento.

Esta federación está suxeita á devandita Lei, e forma parte da política de transparencia da mesma xa iniciado con anterioridade á mencionada normativa, sendo unha base fundamental na xestión xeral impulsado polo actual e anteriores órganos de goberno.

Os termos “FGA”, “Federación” ou “esta Entidade”, salvo indicación en contrario, deben entenderse referidos á Federación Galega de Automobilismo.





Información económica, orzamentaria e estadística

Retribucións anuais dos máximos responsables federativos

Retribucións anuais dos máximos responsables

As retribucións e dietas anuais dos máximos responsables da Federación corresponden ó que segue, todas elas aprobadas en Asemblea (€):

Cargo	Soldo bruto anual	Dietas abonadas*
Presidente	52.840	-
Resto membros Xunta Directiva e Comisións	-	813
Totais 2019	52.840	813

Cargo	Soldo bruto anual	Dietas abonadas*
Presidente	30.029	-
Indemnizacións ⁽¹⁾	25.193	-
Resto membros Xunta Directiva e Comisións	-	504
Totais 2018	55.222	504

*Exclúe, no seu caso, gastos debidamente xustificadas, propios da Federación detallados nas contas anuais.

⁽¹⁾ Indemnización derivada do cumprimento legal asociada ó periodo electoral, polo que é unha obriga o cese dos membros que se presenten a unha nova elección.



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte